



PREGUNTAS FRECUENTES

Axudas para a matrícula nun máster universitario oficial, destinadas a titulados/as universitarios/as en situación de desemprego para o curso 2015/2016.

CONVOCATORIA

1. Onde se publica a convocatoria e as súas bases?

Publícase no Diario Oficial de Galicia (en diante DOG) número 177 do 16 de setembro de 2015 e corresponde á Orde do 3 de setembro.

2. Onde podo consultala?

Podes consultala nos seguintes enlaces:

<http://www.edu.xunta.es/portal/node/17066>

The screenshot shows the website of the Xunta de Galicia, specifically the page for the announcement of aid for master's degree enrollment. The page title is "Axudas para a matrícula nun máster universitario oficial, destinadas a titulados/as universitarios/as en situación de desemprego, para o curso 2015/2016". The page includes a search bar, navigation tabs for "Familias", "Alumnado", "Profesorado", "Centros", and "Empresas", and a "Bolsas" section. The main content area contains the announcement text, a date of "Mér, 16/09/2015 - 08:33", and a list of related documents. The page also features a sidebar with navigation options and a footer with social media links.

<https://sede.xunta.es/portada>

The screenshot shows the "SEDE ELECTRÓNICA" page of the Xunta de Galicia. The page features a search bar, navigation tabs for "PROCEDIMIENTOS E SERVIZOS", "SERVIZOS COMÚNS", "QUE É A SEDE?", "CARPETA DO CIUDADÁN", and "AXUDÁMOSLLE". The main content area includes a "Guía de procedementos e servizos" section with a table of "Últimos publicados" and "Máis consultados". The table lists various procedures and their dates. The page also includes a sidebar with "Información sobre a sede" and "Ligazóns de interese". The footer contains social media links and a "Plataforma de contratación" link.



3. Cal é o prazo de presentación de solicitudes?

Desde o **17 de setembro ata o 16 de outubro de 2015**, ambos inclusive.

4. En que consiste a axuda?

Consiste en financiar os gastos derivados da matrícula nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia no curso 2015/2016.

5. Quen pode solicitala?

Os/as titulados/as en situación de desemprego **na data de publicación da orde de convocatoria** que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión dun título universitario, expedido con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013, que lle da acceso aos estudos de máster universitario.

b) Estar matriculado/a no curso 2015-2016 nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia, dun mínimo de 60 créditos.

c) Residir na Comunidade Autónoma de Galicia polo menos nos tres últimos anos anteriores á data da publicación desta convocatoria.

d) Estar inscrito/a como demandante de emprego durante un período igual ou superior a 180 días no ano inmediatamente anterior contado de data a data desde a data de presentación da solicitude.

e) Non estar incluídos nos casos de exención total de matrícula previstos no artigo 11 do Decreto 90/2015 do 18 de xuño (DOG nº 123 do 2 de xullo de 2015), polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2015-2016.

f) Non ter gozado desta axuda en convocatorias anteriores.

6. Como titulado/a nunha universidade de fóra de Galicia e estudante dun máster universitario oficial nunha universidade do SUG, pode solicitar esta axuda?

Si, sempre que cumpra os requisitos da convocatoria.



7. Que significa estar inscrito/a como demandante de emprego durante un período igual ou superior a 180 días no ano inmediatamente anterior contado de data a data desde a data de presentación da solicitude?

Significa que se presenta a solicitude o día 22 de setembro debe estar inscrito como demandante de emprego como mínimo 180 días, consecutivos ou alternos, contados desde o día 23 de setembro de 2015 ao 22 de setembro de 2014.

8. Como alumno/a dun centro asociado da UNED en Galicia, podo solicitar esta axuda?

Non, o alumnado da UNED non é obxecto desta convocatoria

9. Que inclúe a contía da axuda?

O importe correspondente a 60 créditos de primeira matrícula do máster universitario segundo os prezos públicos establecidos no anexo do Decreto 90/2015, do 18 de xuño (DOG núm. 123 do 2 de xullo).

A axuda só alcanzará para a realización dun único máster universitario.

10. Cal é a súa contía?

Segundo o anexo do Decreto 90/2015 a contía sería:

Anexo do Decreto 90/2015	EPÍGRAFE A	EPÍGRAFE B
Másteres incluídos no punto 1.3	Máximo de 1.788,6 €	Máximo de 1.215 €
Másteres incluídos no punto 1.4	Máximo de 1.881,6	Máximo de 1.296,6

11. Onde podo resolver as dúbidas?

- Se son dúbidas en relación coa convocatoria, teño que dirixirme a: orientacion.sug@edu.xunta.es.

-Se son consultas telefónicas, teño que chamar aos teléfonos 981 545 433/ 981 544 430 do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios.

- Se quero resolvelas na propia consellería, teño que dirixirme á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral de Universidades, Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios, no enderezo: Edificio administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña.

- Se son dúbidas relacionadas con dificultades técnicas ou preciso máis información durante o proceso de obtención dos formularios e da súa presentación por vía



electrónica, pode chamar ao 012 (teléfono de información) ou escribir un correo electrónico ao enderezo: 012@xunta.es.

12. Que documentación necesito achegar xunto co formulario de solicitude?

Xunto co formulario de solicitude (anexo, modelo normalizado ED 421A) deberá achegar:

a) Orixinal ou copia cotexada da autorización de estadía ou residencia no caso de que o/a solicitante sexa extracomunitario/a.

b) Documento acreditativo da matrícula nun máster universitario oficial dos ofertados polas universidades do Sistema universitario de Galicia no que deberá figurar o importe deste, as materias e o número de créditos nos que está matriculado/a no curso 2015/16.

c) Certificado da vida laboral actualizada á data de publicación da convocatoria.

d) No caso de que o/a solicitante non autorice a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a realizar as comprobacións e verificacións incluídas no anexo desta orde deberán achegar ademais:

1. Copia do DNI ou do NIE do/da solicitante.
2. Copia do título universitario oficial español ou documento que legalmente o substitúa que lle dá acceso ao máster.
3. Copia cotexada do certificado municipal de residencia.
4. Un informe de períodos de inscrición como demandante de emprego expedido pola correspondente oficina de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia, que determinará o número de días de inscrición exclusivamente no ano inmediatamente anterior á data de presentación da solicitude.

13. Cales son as fases do procedemento ED421A?

a) Presentación da solicitude dentro do prazo: ata o día **16 de outubro de 2015**.

b) A Secretaría Xeral de Universidades comprobará se todas as solicitudes teñen a documentación completa. Unha vez comprobado publicarase a listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas para que poidades presentar a documentación que vos falte ou emendar algún erro.



c) Unha vez revisadas todas as solicitudes que cumpran cos requisitos establecidos, a selección será realizada pola comisión avaliadora atendendo a maior data de inscrición como demandantes de emprego na data de comezo de presentación de solicitudes. Por último resolverase a convocatoria, na que se incluírá a listaxe de axudas concedidas e de solicitudes denegadas.

14. Debo entregar toda a documentación no prazo de presentación de solicitudes?

O que debes presentar en prazo é o formulario de solicitude (anexo, modelo normalizado ED 421 A). Non presentalo en prazo significa que non optarás á axuda.

15. Cal é o prazo para emendar a solicitude, no caso de que non estivese debidamente cuberta ou non presentase a documentación esixida?

O prazo de reclamación será de dez (10) días desde que a Secretaría Xeral de Universidades publique a listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas, sinalando os motivos de exclusión.

16. Que ocorre se non emendo os erros ou a falta de documentación no prazo de reclamación establecido pola Secretaría Xeral de Universidades?

Se non o fixeras así considerárase que desistes da túa petición, nos termos e condicións establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

17. Onde podo consultar as listaxes provisionais para a emenda de solicitudes e documentación?

- No portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria <http://www.edu.xunta.es/portal/node/17066>.
- Nos taboleiros de anuncios e nas xefaturas territoriais da citada consellería.
- Nas vicerreitorías de estudantes das tres universidades galegas (UDC: www.udc.es, USC: www.usc.es, UVIGO: www.uvigo.es/).

18. Onde debo presentar a documentación requirida?


Presentarase nalgunha das principais oficinas de rexistro e información da Xunta de Galicia e doutras Administracións que se sinalan neste documento.

19. Existe algún formulario oficial para achegar xunto coa documentación solicitada ?



Si, podrás descargar o modelo de " *Emenda ao requirimento*" no seguinte enlace:

- sede.xunta.es/modelos normalizados
 - Descargar modelos
 - Emenda ao requirimento



20. Cales son os criterios para a selección dos beneficiarios?

Primeiro: ordenaranse en función da maior data de inscrición como demandante de emprego na data de comezo de presentación de solicitudes.

Segundo: en caso de empate entre dous ou máis solicitantes procederase ao desempate de acordo coa seguinte orde de prelación:

1. Maior idade do solicitante.
2. Maior antigüidade na data de obtención do título que lle dá acceso aos estudos de máster universitario para o que se terá en conta o mes e ano no que superou os estudos conducentes ao mencionado título.

21. Cando se publica a resolución definitiva destas axudas?

A resolución definitiva destas axudas publicárase no Diario Oficial de Galicia e no portal educativo desta consellería <http://www.edu.xunta.es/portal/node/17066>.

22. Onde se ingresa o importe da axuda?

Na conta bancaria indicada na solicitude.



23. Cales son as miñas obrigas se resultado beneficiario/a da bolsa?

a) Informar o órgano que concede a axuda da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, ente público ou privado.

b) Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Acreditar mediante certificación que se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta certificación poderá ser substituída pola declaración responsable que figura dentro do anexo desta orde, segundo se regula no artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007.

d) Seguir durante o curso académico, con carácter presencial, os estudos nos que se atope matriculado e non anular a matrícula.

e) Concorrer a exame e superar, como mínimo, 30 créditos dos matriculados en convocatoria ordinaria e extraordinaria.

f) Remitir á Secretaría Xeral de Universidades antes do 15 de agosto, unha vez rematado o curso, unha certificación ou extracto do expediente académico dos estudos cursados.

24. Son incompatibles estas axudas con calquera outra para o mesmo fin?

Si, son incompatibles con outras axudas e subvencións concedidas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa natureza ou entidade que a conceda.




PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE (PROCEDEMENTO ED 421A)

1. Como solicito a axuda?

Paso 1:

Entro na web. <https://sede.xunta.es/portada>


Busco na Guía de procedementos e servizos o procedemento ED 421A



Paso 2:

Elixo unha das dúas formas de presentación:

- Tramitación en liña (sede/vía electrónica)
- Presencial (formato papel)





Presentación por sede electrónica

2. Que significa presentar a solicitude por sede electrónica (vía web)?

Implica presentar a solicitude de xeito telemático, é dicir, integramente a través da internet (sede.xunta.es) dentro do prazo establecido na convocatoria.

3. Que certificado necesito para presentar a solicitude pola sede electrónica?

Necesitas posuír un certificado electrónico admitido pola sede ou un DNI electrónico.

4. Que é un certificado electrónico?

É un certificado que permite identificar electronicamente a unha persoa para que esta poida asinar documentos. O seu uso é fundamental nesta sede, xa que permite asinar electronicamente a información que se envía, asegurando a súa integridade e procedencia.

5. Que certificados admite a Xunta de Galicia nesta sede electrónica?

Nestes momentos a sede electrónica da Xunta de Galicia admite o uso dos seguintes sistemas de sinatura electrónica:

[DNI electrónico \(DNIe\)](#)

[Fábrica Nacional de Moeda e Timbre](#): de persoa física, xurídica e Administracións públicas

[AC Camerfirma](#): AC Camerfirma RACER e AC Camerfirma Certificados Camerais

No caso de que use un navegador Internet Explorer (IE) non funcionaría a presentación electrónica de procedementos se o usuario importou máis dun certificado. Por exemplo, non sería posible que se realizase a presentación con IE se hai instalados dous certificados da FNMT, un da FNMT e outro de DNIe.

6. Como podo obter un certificado electrónico?

O procedemento habitual consiste en realizar a solicitude do certificado a través da web da autoridade de certificación correspondente. Posteriormente a persoa solicitante debe acreditar a súa identidade nalgunha das oficinas habilitadas pola certificadora, onde obterá o código de solicitude que lle permitirá abordar o último paso, a descarga do certificado vía internet. Nestas ligazóns facilítase a información necesaria para a obtención dos certificados electrónicos de cada unha das entidades recoñecidas por esta sede.




[DNI electrónico \(DNIe\)](#)

[Fábrica Nacional de Moeda e Timbre](#)

7. Xa posúo o DNI electrónico e vou presentar a miña solicitude. Que pasos hei de seguir?


Completas os pasos do formulario e, unha vez que remates de cubrir a solicitude (ED 421 A) e agregues os arquivos anexos que che indique a aplicación informática, deberás gardar o borrador, confirmalo para verificar que todo estea correcto e, finalmente, envíalo. Neste intre a aplicación demandarache que o asines dixitalmente. Unha vez que asine dixitalmente, xerarase un código, que será o comprobante de que a túa solicitude foi presentada con éxito.



Presentación formato papel

8. Onde está dispoñible o formulario de solicitude?

O anexo (ED421A) está dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>).





9. Unha vez cuberto o formulario, onde o presento?

Podes presentalo no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Edificio administrativo de San Caetano, s/n, 15781, Santiago de Compostela) ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 14 de xaneiro).

LEMBRE asinar o formulario de solicitude.

10. En que outros rexistros pode presentar a solicitude e a documentación?

a) Nas principais oficinas de rexistro e información da Xunta de Galicia (<http://www.xunta.es/oficina-de-rexistro-e-informacion/presentacion>), que son:

■ Oficinas dos edificios administrativos (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), cuxos enderezos se relacionan:

- Santiago de Compostela: Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, edificio administrativo de San Caetano, s/n.
- A Coruña: Rexistro do Edificio Administrativo da Coruña, praza Luís Seoane, s/n, Monelos.
- Ferrol: Rexistro do Edificio Administrativo de Ferrol, praza Camilo José Cela, s/n.
- Lugo: Rexistro do Edificio Administrativo de Lugo, rolda da Muralla, 70.
- Ourense: Rexistro do Edificio Administrativo de Ourense, avenida da Habana, 79.
- Pontevedra: Rexistro do Edificio Administrativo de Pontevedra, rúa Fernández Ladreda, 43, Campolongo.
- Vigo: Rexistro do Edificio Administrativo de Vigo, praza da Estrela, rúa Concepción Arenal, 8.



Outras oficinas principais: en Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo e Ourense (<http://www.xunta.es/oficina-de-rexistro-e-informacion/presentacion>).

Así mesmo, o seguinte buscador (<http://www.xunta.es/oficina-de-rexistro-e-informacion/localizacion-das-oficinas>) facilita a localización por palabras, provincias ou concellos, das oficinas de rexistro propias da Xunta de Galicia. Ademais, a través destas ligazóns tamén se pode consultar a relación de entidades locais galegas que recollen documentación para a Xunta de Galicia (Portelo Único) ou a Administración xeral do Estado (060).

b) Nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, a calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribise o oportuno convenio.

c) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.

d) Nas representacións diplomáticas ou as oficinas consulares de España no estranxeiro (<http://www.exteriores.gob.es>).

e) Calquera outro que establezan as disposicións vixentes.

11. Como podo enviar a solicitude e a documentación a través dunha oficina de Correos en España?

Se realizas o envío por correo postal, este deberá ser certificado e presentarse na oficina en sobre aberto, para que o persoal de correos sele a solicitude (anexo, ED 421 A) e lle dea data de entrada. Con isto garántese que a data de remisión sexa anterior á de peche da convocatoria.

Todas as solicitudes deberán ir remitidas a:

Rexistro Xeral da Xunta de Galicia
Edificio Administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña

Non se admiten como medio de presentación de solicitudes os servizos de mensaxería privados.



FORMULARIO DE SOLICITUDE (ED 421A)

1. Cando se cobre a epígrafe "Na súa representación" do anexo?

Esta epígrafe só se cobre se a solicitude (anexo) é cuberta, asinada e presentada pola persoa que designes como representante legal (persoa que presenta a solicitude en ausencia do solicitante e no nome deste).

Nese caso, o representante legal cubriría os seus datos na epígrafe "Na súa representación" e asinaría a solicitude.

PROCEDEMENTO: AXUDAS PARA A MATRÍCULA NUN MÁSTER UNIVERSITARIO OFICIAL, DESTINADAS A TITULADOS/AS UNIVERSITARIOS/AS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO

CÓDIGO DO PROCEDUREMTO: ED421A

DOCUMENTO: SOLICITUDE

CURSO: 2015/16

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME: PRIMEIRO APELIDO: SEGUINDO APELIDO: IUIF:

TIPO DE VÍA: NOME DA VÍA: NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA:

PROVINCIA: CONCELLO: LOCALIDADE:

TELÉFONO 1: TELÉFONO 2: CORREO ELECTRÓNICO:

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME: PRIMEIRO APELIDO: SEGUINDO APELIDO: IUIF:

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA: NOME DA VÍA: NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA:

CP: PROVINCIA: CONCELLO: LOCALIDADE:

A sinatura da solicitude (anexo) ten que cadrar coa identidade da persoa que aparece na epígrafe "Na súa representación".

do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos dos títulos universitarios que obran en poder do Ministerio de Educación, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de inscrición como demandante de emprego da persoa solicitante que obran en poder da Administración autonómica, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral de Universidades, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a: xsu@edu.xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 3 de setembro de 2015 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas para a matrícula nun máster universitario oficial, destinadas a titulados/as universitarios/as en situación de desemprego, para o curso 2015/16.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data: . de de de

Xuntaríase tamén (-) o "documento de representación", cuberto polo solicitante da axuda.




2. Onde está dispoñible o documento de representación?


Está dispoñible no seguinte enlace:

- sede.xunta.es/modelos-normalizados
 - Descargar modelos
 - Representación

Documento de representación



Este documento ten que ser obrigatoriamente asinado pola persoa outorgante –solicitante representado– e pola persoa autorizada –representante do solicitante–.





3. Debo cubrir con carácter obligatorio a declaración responsable que aparece no anexo?

Si, debes cubrila tanto no caso de non ter solicitada ningunha outra axuda para este mesmo proxecto como se solicitaches ou se che concedera outro tipo de bolsa para a mesma finalidade.

Por favor, rellene el siguiente formulario. No se pueden guardar datos escritos en este formulario. Imprima el formulario completo si desea tener una copia de los registros.

DATOS BANCARIOS
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.
TITULAR DA CONTA: _____ NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS): _____
IBAN: _____

DATOS ACADÉMICOS
TÍTULO UNIVERSITARIO QUE LLE DÁ ACCESO AOS ESTUDOS DE MÁSTER: _____ DATA DE FINALIZACIÓN: _____ UNIVERSIDADE: UDC USC UVIGO Outras
MÁSTER UNIVERSITARIO (CURSO 2015/16): _____ UNIVERSIDADE: UDC USC UVIGO Outras
CAMPUS: _____
Nº DE CRÉDITOS MATRICULADOS: _____ IMPORTE DA MATRÍCULA (sen taxas): _____

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA
1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
 Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención.
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ESTADO (1)	IMPORTE (€)

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PEHENTE. No caso de solicitudes donegadas, farase constar DEHEGADA.